



**Expediente núm. 2022/E001/000013  
2023/G003/000271**

**DECRETO DA CONCELLEIRA-DELEGADA DA ÁREA DE RECURSOS HUMANOS,  
INDUSTRIA E EMPREGO**

**ANTECEDENTES DE FEITO**

1. Mediante o Decreto núm. 1434/2022, do 28 de outubro, desta Concellaría-Delegada, acordouse convocar o proceso selectivo (concurso-oposición) para a constitución dunha lista de espera ou bolsa de traballo correspondente á categoría de profesor/a do Conservatorio Profesional de Música e aprobar as súas bases reguladoras.
2. A convocatoria e as bases que rexen o procedemento foron publicadas no *Boletín Oficial* da Provincia da Coruña (BOP) núm. 208, do 03/11/2022.
3. O prazo de presentación de solicitudes para concorrer ao proceso selectivo concluíu o 17/11/2022.
4. Mediante o Decreto núm. 1615/2022, do 25 de novembro, desta Concellaría-Delegada, acordouse aprobar a relación provisional de persoas admitidas e excluídas para participar no proceso selectivo. O prazo para presentar emendas e reclamacións rematou o 13 de decembro de 2022.
5. Mediante o Decreto 165/2023, do 17 de xaneiro, aprobouse a lista definitiva de aspirantes admitidos e excluídos, designouse o tribunal e fixouse o lugar, datas e horas de realización do proceso selectivo.
6. Actas do Tribunal cualificador reunido en datas 23 e 24 de xaneiro de 2023, con proposta de lista de espera.

**FUNDAMENTOS LEGAIS:**

A base núm. 7 das que rexen no procedemento, no que aquí interesa, sinala:

“1. Os/as aspirantes serán propostos/as polo Tribunal, por especialidades e por orde decrecente de puntuación, para a creación dunha lista de reserva ou espera.

A lista de espera publicarase no taboleiro electrónico e na páxina web.

É condición inescusable para a pertenza á devandita lista o mantemento durante a vixencia desta dos requisitos relacionados na base número 2.

2. O chamamento dos/as aspirantes que figuren na lista de substitución, utilizarase cando por razóns expresamente xustificadas de necesidade e urxencia, sexa necesaria a contratación laboral temporal en calquera das modalidades existentes. Os chamamentos dos/as aspirantes efectuaranse pola orde na que estes/as figuran na lista de espera.



## CONCELLO DAS PONTES DE GARCÍA RODRÍGUEZ (A CORUÑA)

Parque Municipal s/n · CP 15320 · Telf. 981453116 · Fax 981453185 · REL 01150709 · CIF P1507100D

Ref.: LLA

No caso de esgotarse algunha lista por especialidade, acudirase discrecionalmente ao resto de especialidades.

Os chamamentos efectuaranse mediante chamada telefónica e/ou correo electrónico. Realizaranse un máximo de tres chamadas entre as 8:00 e as 15:00 horas, mediando entre elas un mínimo de dúas horas e o envío dun correo electrónico, de ser posible e necesario. Se non se tivera resposta en ningunha das tres chamadas nin ao correo electrónico, considerarase realizado o chamamento.

A realización dos chamamentos na forma indicada, requirirá que os/as aspirantes teñan facilitado nas súas solicitudes de participación no proceso, ou en comunicación posterior presentada no rexistro municipal, os datos correctos necesarios (número/os de teléfono e dirección de correo electrónico). Para estes efectos, as persoas aspirantes deberán manter actualizados os datos relativos ao teléfono de contacto e correo electrónico, debendo comunicar ao concello calquera modificación dos mesmos.

3. A aceptación da oferta efectuarase mediante chamada telefónica ao Servizo de Persoal do Concello das Pontes de García Rodríguez, antes das 14:00 horas do primeiro día hábil seguinte ao do chamamento. Transcorrido o dito prazo sen que se produza a aceptación, entenderase rexeitada.

O/a funcionario/a que os realice, fará constar mediante dilixencia a realización e o resultado obtido dos chamamentos efectuados e do correo electrónico enviado.

Os/as integrantes da lista serán movidos/as ao final da lista polos seguintes motivos:

- Non aceptar, ou non responder dentro do prazo fixado, tras a realización dunha oferta.
- Non presentar, dentro do prazo fixado tras a aceptación dunha oferta, a documentación requirida para a contratación laboral, ou se da mesma se deducise que carece dalgún dos requisitos esixidos.
- Renunciar á continuidade no desempeño dun posto de traballo, ou ter sido separado do servizo por sanción disciplinaria, unha vez que foi contratado/a.
- No caso de renuncia, falecemento, falta de xustificación dos requisitos para o nomeamento, incapacidade absoluta sobrevida, ou outros supostos nos que a persoa aspirante aprobada non chegue a formalizar o contrato será substituída pola seguinte seguindo a orde de prelación da lista de espera.

Consideraranse como causas xustificadas para a renuncia ao chamamento, as seguintes:

- a) Ser beneficiario/a dunha prestación recoñecida pola Seguridade Social (maternidade, paternidade, risco durante o embarazo, etc.).
- b) Atoparse en situación de incapacidade médica que impida de xeito temporal o desenvolvemento das tarefas propias do posto de traballo.
- c) Estar prestando servizos ao concello noutra praza ou posto de traballo.

En calquera destes casos conservarase o posto na lista, sen prexuízo do chamamento, nese momento, á seguinte persoa na lista.

#### 4. Baixa definitiva

Daranse de baixa definitiva da lista a aquelas persoas que:

- Voluntariamente se así o solicitan mediante escrito presentado no concello, dirixido á



## CONCELLO DAS PONTES DE GARCÍA RODRÍGUEZ (A CORUÑA)

Parque Municipal s/n · CP 15320 · Telf. 981453116 · Fax 981453185 · REL 01150709 · CIF P1507100D

Ref.: LLA

concelleira delegada competente en materia de persoal.

- Se a persoa non reúne os requisitos esixidos na convocatoria, sen prexuízo das responsabilidades en que puidera incorrer por falsidade.
- Falezan, sexan incapacitadas permanentemente, cumpran a idade regulamentaria de xubilación, ou queden inhabilitadas definitivamente para o desenvolvemento de responsabilidades e funcións públicas.

No caso de que existiran varias necesidades simultáneas de cobertura temporal do posto, susceptibles de cubrir coa presente bolsa de emprego, a orde de provisión realizarase por orde de lista, de tal xeito que á primeira persoa clasificada daráselle a escoller entre as diferentes ofertas de contratación temporal para que elixa a que desexe cubrir, e así sucesivamente, pola orde que ocupasen as persoas aspirantes na bolsa de emprego.

No suposto de que sexa necesario cubrir unha vacante daráselle a opción de escoller á persoa que, se é o caso, estea a desempeñar un posto con carácter temporal, e de haber máis dunha á que mellor lugar ocupe na lista actualizada.

No caso de que cando se produza a necesidade de cubrir unha vacante non estea vixente ningún contrato temporal, chamarase á persoa integrante da lista que corresponda como se dun contrato de menor duración se tratase.

### Vixencia da lista

As listas de espera resultantes deste proceso selectivo **permanecerán en vigor ata a aprobación dunha nova lista de espera resultante dunha convocatoria posterior que, nese caso, anulará a lista derivada do presente proceso.** Todo iso, sen prexuízo da posibilidade establecida na disposición adicional cuarta da Lei 20/2021, do 28 de decembro, de medidas urxentes para a redución da temporalidade no emprego público.

Non obstante, de non existir listas posteriores, a lista de espera resultante deste proceso selectivo caducará o día **31/12/2025**.

En todo caso, a existencia da lista non implica a obriga para o concello de contratar se non o considera necesario.”

Correspóndelle á concelleira-delegada de Recursos Humanos, Industria e Emprego ditar a presente resolución, en virtude das atribucións que lle foron delegadas pola Alcaldía a través do Decreto núm. 993/2019, do 24 de xuño (BOP núm. 121, do 28/06/2019).



# CONCELLO DAS PONTES DE GARCÍA RODRÍGUEZ (A CORUÑA)

Parque Municipal s/n · CP 15320 · Telf. 981453116 · Fax 981453185 · REL 01150709 · CIF P1507100D

Ref.: LLA

Por todo iso, a través do presente decreto, **RESOLVO:**

1º. Aprobar a presente lista de espera coa que dar cobertura ás vacantes do Conservatorio Profesional de Música das Pontes de García Rodríguez:

ESPECIALIDADE E ASPIRANTE	CELGA 4 ou equivalente	CUALIFICACIÓN EXERCICIO DE OPOSICIÓN.(0-8ptos)	RESULTADO FASE CONCURSO (0-6 puntos)	PUNTUACIÓN FINAL
<b>VIOLÍN</b>				
1º Otero López, Aldara	Si	8	3.97	11.97
2º Cabezas Brasa, Sara	APTA	6	4.64	10.64
<b>VIOLONCHELO</b>				
1º Antón Fernández, Samuel Andrés	Si	7	2.07	9.07
<b>GUITARRA</b>				
1º Vázquez Romero, Andrés	Si	8	2.22	10.22
2º Fandiño Prado, Manuel	Si	5	1.44	6.44
<b>CLARINETE</b>				
1º López Méndez, Xoel Agustín	Si	4	1.63	5.63
<b>SAXOFÓN</b>				
1º Méndez Arias, Sara	Si	7	2.5	9.5
<b>LINGUAXE MUSICAL</b>				
1º Guerrero Rocha, Amalia	Si	8	5	13

2º. Publicar a lista que antecede no Taboleiro electrónico de Anuncios e na páxina web municipal.

Esta resolución, que pon fin á vía administrativa, pode ser recorrida mediante a interposición de recurso potestativo de reposición ante a Concellaría Delegada competente, no prazo dun mes a contar desde a súa publicación no taboleiro electrónico, de acordo co establecido na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas; ou directamente a través da interposición de recurso contencioso-administrativo, no prazo de dous meses, perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo núm. 1 de Ferrol -ou o que resulte competente se a persoa recorrente fai uso da facultade de elección que lle permite o artigo 14.1, regra segunda, da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa (LRXCA)-.

Todo iso sen prexuízo da realización de cantas accións coide oportunas na defensa dos seus intereses lexítimos.

As Pontes de García Rodríguez, na data da sinatura electrónica

A concelleira-delegada da Área de Recursos Humanos, Industria e Emprego

Ana María Pena Purriños